



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE SOLÉNIDOS CON TÉCNICAS DE MERGULLO ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE MUXÍA E CAMARIÑAS DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

ANTECEDENTES

- 1 O 04.06.2025 ás 11.39 e o 09.06.2025, ás 12.12 horas, as confrarías de pescadores Virgen de la Barca de Muxía, e Virxen do monte de Camariñas solicitan autorización para a extracción de navalla (*Ensis arcuatus*) e longueirón (*Ensis siliqua*) con mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie durante os meses de xullo, agosto, setembro e outubro de 2025.
- 2 Dado que non hai acordo sobre a confraría que exercerá como representante do plan de xestión deberán chegar a un acordo sobre a confraría que ostentará a representación do plan durante o trienio e, mentres isto non aconteza, calquera solicitude ou xestión coa Administración deberán asinalas os representantes legais de ambas entidades
- 3 O 01.07.2025 este departamento territorial non autoriza a apertura para extracción por existir un informe desfavorable de á apertura do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 25.06.2025
- 4 O 21.07.2025 o INTECMAR emite un informe favorable á extracción nos meses solicitados.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 Tense en conta a seguinte normativa:

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal





- O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
- A Orde do 19 de decembro de 2024 pola cal se aproban os plans de xestión de recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.
- A Orde do 23 de abril do 1999, modificada pola Orde do 13 de xuño do 2001, pola que se regula o mergullo profesional na Comunidade autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 4º.2:

Cando se trate de extracción de recursos dentro dun plan de explotación aprobado pola consellería, a autorización para realizar o mergullo é concedida coa aprobación do plan para a zona e período de vixencia deste, debendo a empresa ou entidade solicitar a aprobación que para efectos de seguridade ten que dar a capitanía marítima correspondente.

- O Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, do Ministerio de transporte, mobilidade e axenda urbana, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo, establece as normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos entre outras as seguintes normas de seguridade:

A conformación dos equipos de traballo das embarcacións relacionadas nesta resolución serán responsabilidade dos seus titulares e deberán contar cun plan de inmersión autorizado por cada xefe de equipo.

- As embarcacións NAUTIL 3ª CO-4-8-04 e VULCANO 3ª co-4-2-12 presentan unha excepción do 27.03.2025 e do 17.01.2025 ao número de mergulladores participantes da dirección general de la marina mercante do artigo 59 do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, na que se aplica excepción do artigo 65 do citado Real Decreto por realizarse a actividade en profundidades moi reducidas pola que se autoriza a actividade de mergullo con dous mergulladores en determinadas condicións das que citamos algunhas

"De los dos integrantes uno de ellos permanezca siempre en la embarcación. Este desempeñará el rol de "jefe de equipo" y, por lo tanto, será el responsable de toda la operación."

"La profundidad no será superior a cinco metros y se evitarán inmersiones con condiciones meteorológicas adversas que impidan el manejo del umbilical y el acceso seguro a la embarcación. En todo momento funcionará el dispositivo de control de profundidad exigido en el RD 550/2020 para no rebasar los cinco metros fijados

" En la zona de recolección deberán situarse una o varias, dependiendo de la zona y densidad de navegación, balizas flotantes que porten la bandera del Código"





2 Recíbense os seguintes informes:

- Informes do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 25.06.2025 e 21.07.2025
- Informe favorable da bióloga de zona do 08.07.2025 para os meses de xullo, agosto e setembro.

En todo caso esta apertura está condicionada ao estado das zonas de produción da área de traballo que corresponda a este plan de xestión e que o INTECMAR publica na súa páxina web <http://www.intecmar.gal>, no apartado *INFORMACIÓN DO ESTADO DAS ZONAS DE PRODUCCIÓN*.

Este departamento territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.

Tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Autorizar a extracción de solénidos con técnicas de mergullo ás confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía segundo se recolle a **continuación e condicionada á notificación da actividade que deban realizar segundo lles esixa a Capitanía Marítima correspondente do seu ámbito xeográfico:**

Datas:

- 21, 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de xullo de 2025
- 1, 4, 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14, 18, 19, 20, 21, 22, 25, 26, 27, 28 e 29 de agosto de 2025
- 1, 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11, 12, 15, 16, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 25, 26, 29 e 30 de setembro de 2025

*O día 15 de setembro é festivo local en Muxía e durante esta xornada deberán asegurar o normal funcionamento dos puntos de control e o cumprimento das normas de comercialización vixentes.

Zonas: Ría de Camariñas e Muxía: zonas submareais dende punta da Barca a punta do Costado.

- Zona I: (marxe dereita): liña imaxinaria que une punta Villueira con punta Merexo
 - Banco da Barra (CM-033)
 - Banco do centro da ría (CM-146)
 - Praia de Mozogondón (CM-038)





- Zona II: marxe esquerda da liña imaxinaria que une punta Villueira con punta Merexo
 - Praia da Cruz (CM-037) *
 - Praia de Borreiros (CM-034) *
 - Praia de Loureiro (CM-035)
 - Praia de Area Maior (CM-036)

*** Nos bancos Praia da Cruz (CM-037) e Praia de Borreiros (CM-034) só se permite a extracción mediante a modalidade de apnea.**

Puntos de control: lonxas de Camariñas e de Muxía.

O horario de funcionamento será de 13:30 h a 14:30 h. Se finalizaran o traballo no banco antes da 13:30 h deberán avisar á confraría.

Puntos de descarga: rampla da lonxa de Camariñas e escaleiras da lonxa de Muxía.

Sistema de control :

Conforme ao aprobado na ficha do plan de xestión, acéptase o plan de control alternativo proposto polas entidades a flote, que consistirá no seguinte:

As condicións mínimas que debe cumprir o PLAN DE CONTROL serán as seguintes:

1. As confrarías custodiarán e entregarán precintos numerados correlativamente ás embarcacións participantes e levarán un rexistro coas asignadas a cada unha.
2. Subministrarán os precintos ás embarcacións en función das súas cotas e entregaráselles unha copia da asignación ao armador da embarcación xunto cos seus precintos. Tamén disporán de bridas específicas as Asistencias Técnicas, Gardacostas e Lonxeiros no caso de ter que cortar a brida, para controlar as tallas na descarga ou lonxa ou ben para retirar os excesos de tope na lonxa. Para elo, elaborarán un cadro de asignación no que se relacionarán as embarcacións, e identificación dos precintos para cada data de extracción.
3. Antes do comezo do período autorizado para a explotación comunicárase por correo electrónico a Gardacostas, á Base Operativa de Muxía (gardacostas.muxia@xunta.gal) e ao departamento territorial da Coruña (desenvolvemento.mar.coruna@xunta.gal), a lista coas numeracións dos precintos asignados ás embarcacións para cada día de traballo. Nesta comunicación tamén se indicará cales son as persoas responsables dos puntos de control.
4. As embarcacións chegarán ao punto de descarga cos capachos precintados. As bridas identificativas por embarcación deberán acompañar ás capturas en todo momento ata o punto de venda, que poderá ser a mesma lonxa do punto de control ou ben calquera outra autorizada. No caso de que a venda teña lugar noutra lonxa diferente á da que está establecida como punto de control, as capturas terán que ser transportadas ata o lugar onde se realice a venda coas capturas aínda precintadas e coa correspondente documentación que ampare o transporte, documento de orixe, expedido dende unha das





lonxas das confrarías titulares do plan.

5. Nos puntos de control deberá verificarse o cumprimento das cotas de capturas, tamaños mínimos, zona e tempos de permanencia nas zonas de traballo das diferentes embarcacións participantes. O exceso de captura con respecto á cota máxima autorizada ou a captura que non acade o tamaño mínimo de extracción deberá ser devolto inmediatamente ao mar. Informarase á Sección de Coordinación Técnica (seccoortec.mar.coruna@xunta.gal) por parte de cada punto de control sobre o peso, momento e lugar nos que se devolverán os individuos sobrantes de talla e tope, así como as persoas responsables de facelo.
6. Os datos da explotación do período inmediatamente anterior necesarios para o seguimento e xestión dos bancos deberán ser achegados xunto coa solicitude de apertura, de acordo coas indicacións da consellería. Non será necesaria a achega destes datos sempre e cando estean dispoñibles na páxina de seguimento técnico habilitada para a consulta desta información no modelo actualizado, que é o método obrigatorio de intercambio de datos cando a entidade dispón de persoal técnico.

No caso de observarse un funcionamento ineficiente do sistema ou dos puntos de control establecidos, o departamento territorial poderá non autorizar a extracción ou limitala nas condicións que considere.

Os datos de extracción mensuais (nome dos barcos asistentes cada día, o número de mergulladores de cada barco/día, quilos por especie, zona de traballo e o horario de inmersión dos mergulladores de cada barco ou, de non ser posible, o tempo de permanencia na zona de extracción de cada embarcación) deberán ser remitidos á bióloga de zona con cada solicitude de apertura para poder realizar o seguimento do plan de explotación.

Puntos de venda: lonxas de Camariñas e Muxía e demais lonxas autorizadas.

Topes de captura:

Datas	Longueirón	Navalla	Conxunto
21, 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de xullo e 1 de agosto	25 kg	25 kg	25 kg
Resto de agosto e setembro	20 kg	20 kg	20 kg

A autorización incrementa o tope que prevé o plan para cando se producen peches por biotoxinas de mínimo dúas semanas continuadas, para o que resta do mes de xullo e o 1 de agosto (que é venres e final de semana).

O establecemento dunha merma no paso polo punto de control requirirá a presentación dun informe técnico que xustifique a medida.

Artes: mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende superficie.

Horario:





- **Apnea:** O horario estará comprendido entre as de 8.00 h a 14.00 h segundo establece o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Subministro de aire:** entre as de de 10:30 h a 13:30 h

Lembrese que os tempos máximos de exposición cumprirán o establecido no Real Decreto 550/220, do 2 de xaneiro, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo.

Embarcacións participantes e xefes de equipo: relaciónanse no anexo que se xuntan a esta resolución.

En todo caso para o exercicio da actividade, cumprírase coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Sección 5ª do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo). A conformación dos equipos de traballo das embarcacións serán responsabilidade dos seus titulares e deberán contar cun plan de inmersión autorizado por cada xefe de equipo.

Os armadores das embarcacións participantes serán responsables do cumprimento das seguintes condicións:

- Ter en vigor o seguro de responsabilidade civil, tanto da embarcación como dos mergulladores contratados
- Ter enrolados e de alta na Seguridade social a todos os tripulantes/mergulladores
- Ter o despacho da embarcación coa lista de tripulantes debidamente actualizado

Os mergulladores participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Estar debidamente enrolados
- Ter o título profesional de recolector con técnicas de mergullo en vigor (segundo a modalidade de extracción)

Sen prexuízo das notificacións da actividade que deban realizar para pór en coñecemento da Capitanía Marítima do seu ámbito xeográfico, coas solicitudes de apertura deberán achegar a listaxe de embarcacións e relación de mergulladoras/es, os equipos de traballo coa relación de mergulladores e xefes de equipo e sempre que haxa cambios nos mesmos, deberán comunicarse á Subdirección xeral de gardacostas e a este departamento territorial aos enderezos respectivos: pesca.sala.operacions@xunta.gal e desenvolvemento.mar.coruna@xunta.gal





Os días autorizados nesta resolución, que non vaian mariscar, deben ser comunicados con anterioridade ó horario autorizado do día que se pretende anular, mediante escrito remitido por rexistro electrónico a este departamento territorial indicando o motivo.

Condicións adicionais:

- Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. As entidades que contén con persoal técnico, a data da solicitude da apertura do plan de xestión, terán que ter actualizados os datos da explotación na ferramenta para o seguimento dos plans habilitada pola consellería (AT2 novo formato actualizado). En caso contrario, os datos da explotación deberán ser remitidos regularmente á xefatura territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura os técnicos deberán ter a súa disposición os datos anteriores no correo da Sección de coordinación seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal, de xeito que coa solicitude de apertura os técnicos deberán ter a súa disposición os datos anteriores.

A bióloga de zona recomenda realizar controis de tallas das capturas, polo menos semanais, para a consecución dos obxectivos biolóxicos establecidos no plan.

- Cando a actividade se realice coa modalidade de subministro de aire poderá limitarse a 3 horas, e ao obxecto de facilitar as tarefas de control, o límite máximo situarase nas 13:30 horas. **Nas solicitudes de apertura virá especificado o horario.** Antes das 9:00 horas deberán remitir sempre que se traballe coas dúas modalidades, o listado de embarcacións e mergulladores que acoden a cada técnica e zona de traballo (pesca.sala.operacions@xunta.gal).
- No caso de incumprir estas condicións, prohibirase o mergullo semiautónomo, e de non recibirse o listado antes das 09:00 h anularase o día de extracción. Polo tanto, o incumprimento das condicións de control e seguridade establecidas nesta resolución de apertura poderán ser motivo para limitar o uso do mergullo semiautónomo, limitando a extracción á modalidade de mergullo en apnea.
- Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de xestión, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.
- As intervencións subacuáticas serán realizadas dentro dos límites das atribucións da titulación posuída polo mergullador e **sen sobrepasar en ningún caso a profundidade de inmersión autorizada para esa titulación segundo establece o Decreto 64/2008, do 27 de marzo**, polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Durante as intervencións subacuáticas con subministro de aire dende superficie cumprírase coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Sección 5ª do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo). No caso das **intervencións subacuáticas en apnea** cumprírase co establecido na disposición transitoria cuarta do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño.





- **Comercialización:** cómpre recordar o disposto no artigo 10.1 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, pola que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño:

Art. 10.1. Efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Non obstante, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte das ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino...

Así mesmo a Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula o control de descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos, establece:

Artigo 6.- Documento de orixe: Cando se transporten o trasladen moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos dende a zona de produción ata a lonxa-lugar de concentración ou clasificación, se acompañarán dun documento de orixe que conteña os datos que se recollen no anexo III da Orde.

Artigo 7.- Documento de rexistro (Puntos 1 a 10 do artigo).

Lembrase que deberán ir recollendo información para o cumprimento dos obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos aprobados no plan de xestión.

As solicitudes de apertura e calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (cambios de zona de extracción, datas, etc.) enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle ás confrarías de pescadores Virgen de la Barca de Muxía, e Virxen do monte de Camariñas esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A directora territorial

P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mª Paz Sánchez Díaz

(asinado dixitalmente)





ANEXO I

EMBARCACIÓNS AUTORIZADAS PARA EXTRACCIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN CON MERGULLO EN APNEA OU SEMIAUTÓNOMO NAS CONFRARÍAS DE CAMARIÑAS E MUXÍA (ZONA VI) EN XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2025

EMBARCACIÓNS	MATRÍCULA	COTAS
ANA*	CO-4-1803	3
CANABAL UN*	CO-4-1-21	2
INDOMITO	CO-4-2-22	3
NAUTIL	CO-4-8-04	3
O VULCANO*	CO-4-2-12	3
SIRENA DEL MAR	CO-4-1722	3

* Lémbrese que deberán respectarse as cotas asignadas a cada embarcación, de xeito que aquelas que teñan menos mergulladores enrolados que o número de cota, só poderán coller o tope por mergullador enrolado.

XEFES DE EQUIPO EMBARCACIÓNS		
GUISAMONDE ATÁN,CARLOS	***1437**	R.R.Específicos
MAHIA PEDRE, ROBERTO JULIO	***0203**	R.R.Específicos
NOVEGIL VENTOSO, CARLOS	***3633**	R.R.Específicos
PASANTES CARRIL, MANUEL ANGEL	***9851**	R.R.Específicos
REY MARTINEZ; PAULA	***7949**	R.R.Marinos Principado de Asturias
RODRÍGUEZ TRIÑANES, BRAIS	***7917**	R.R.Específicos
TAJES MOUZO, ISMAEL	***7310**	R.R.Específicos
TAJES MOUZO, RICHARD	***0697**	R.R.Marinos Principado de Asturias
VALIÑA AMEIJENDA, CARLOS	***2623**	R.R.Específicos
VALIÑA LISTA, CARLOS	***1268**	R.R.Específicos
VILELA CARLIN, FELIX	***2717**	R.R.Específicos





* Os mergulladores participantes Richard Tajés Mouzo, Paula Rey Martínez contan coa titulación de Buceador Recolector de Recursos Marinos da Comunidade Autónoma do Principado de Asturias e presentan a documentación relacionada na Circular 1/2021 da Subdirección xeral de desenvolvemento pesqueiro do 3.12.2021, polo que pode participar nesta extracción unicamente co emprego de mergullo semiautónomo.

